

Sargadelos

Esta historia comeza en 1806, cando Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, inicia un proxecto que cambiará para sempre o panorama da industria e a arte galegas: a inauguración dunha fábrica de louza no lugar de Sargadelos, o que lle permitiu cultivar a súa afección polas artes plásticas aproveitando os xacementos de caolín presentes na zona.

O fillo deste ampliou a fábrica orixinal con máis de vinte e cinco fornos. A produción elevaríase a vinte mil pezas anuais de louza a comezos dos anos 30. Estas louzas eran características pola súa cor branca e o estilo inspirado na louza inglesa brístol. En 1835, baixo a dirección dun ceramista francés, apostouse pola fabricación de louza fina branca pintada a man. Destacan daquela época as pezas con motivos costumistas, mitolóxicos e relixiosos. Dez anos máis tarde, iniciárase a primeira época dourada da compañía: mil familias chegaron para traballar na fábrica en 1849. Baixo a dirección dun experto británico alcanzouse unha calidade inmejorable en vaixelas e figuras, engadindo variedade en deseño e en cor.

En 1873 cesan os investimentos e prescínlese dos expertos ceramistas estranxeiros. Os problemas ocasionados polos dirixentes levaron ao peche de Sargadelos en 1875. Non obstante, case un século despois, as antigas fábricas declaráranse conxunto histórico-artístico grazas ao legado cultural que Sargadelos ofreceu á sociedade galega, converténdoo nun mito da memoria colectiva.

En 1949, Isaac Díaz Pardo inicia un taller cerámico que axiña se converte no complexo industrial de Cerámica do Castro. Tras un tempo experimentando con novas técnicas e deseños, decidiu reproducir figuras de artistas plásticos utilizando terras galegas que proporcionaban gran dureza e brancura á porcelana. As inquietudes de Díaz Pardo levárono á Arxentina onde contactou con exiliados galegos, entre os que se atopaba o pintor Luís Seoane. Isto serviu para suscitar o interese dos intelectuais exiliados pola recuperación económica e cultural de Galicia, que se concretou en 1963 coa creación do Laboratorio de Formas. Pouco despois, comezaron a fabricarse as primeiras pezas na factoría de Sargadelos, tratando de restaurar aquel espírito creador orixinario, que revolucionara Galicia no seu momento. O éxito foi inmediato: o deseño e a calidade fixeron de Sargadelos un referente galego local e internacional.

Na actualidade Sargadelos ten dúas plantas de produción nas que traballan máis de cento cincuenta persoas. Dispón de quince puntos de distribución exclusivos e setenta tendas de decoración e xoierías en España, Asia e América. Ademais da súa actividade industrial e comercial, Sargadelos fai un importante labor de promoción da cultura galega, principalmente dos talentos máis novos da arte e a literatura.